

Plan Local de Promoción do Cooperativismo de Traballo Asociado no concello de Vigo

**Enquisa sobre valores cooperativos á
cidadanía viguesa**

INFORME DE RESULTADOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

1 ÍNDICE

1 ÍNDICE.	2
2 PRESENTACIÓN.....	3
3 OBXECTIVOS DA ENQUISA TELEFÓNICA Á CIDADANÍA.....	4
4 FICHA TÉCNICA DA ENQUISA.....	5
5 DESCRICIÓN DAS VALORACIÓNS RECOLLIDAS.....	6
6 DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS.	17
7 SÍNTESE DE CONCLUSIÓNS.	21
8 CUESTIONARIO	23

2 PRESENTACIÓN

- O Plan Local de Promoción do Cooperativismo de Traballo Asociado, da Concellaría de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo, contemplaba a realización dunha enquisa telefónica a unha mostra estatisticamente representativa da poboación deste municipio.
- O presente documento realiza unha descrición sistematizada das opinións recollidas a través do cuestionario elaborado ao efecto.
- Permite, deste xeito, unha aproximación ao grao de coñecemento e valoración social que ten a cidadanía viguesa sobre o cooperativismo e a economía social, e conforma un recurso orientativo á hora de formular posibles liñas de apoio ao cooperativismo.
- Concretando, o terceiro e cuarto apartados deste informe dan conta dos obxectivos específicos que se formulaba esta enquisa, así como dos criterios metodolóxicos desde os que foi realizada.
- O quinto apartado entra a dar conta dos datos opináticos recollidos, estruturados nos seguintes epígrafes:
 - x Valoración das prioridades que deben asumir as empresas.
 - x Valoración da cooperación como marco estratéxico e laboral.
 - x Aproximación á posición no mercado dos produtos e servizos elaborados desde as cooperativas.
- O apartado seguinte da conta do perfil sociodemográfico da mostra de persoas enquisadas.
- O apartado seguinte da conta do perfil sociodemográfico da mostra
- de persoas enquisadas.
- O último apartado recolle unha breve síntese de conclusións.
- Un anexo recolle o cuestionario de enquisa empregado para a recollida telefónica dos datos.

3 OBXECTIVOS DA ENQUIA TELEFÓNICA Á CIDADANÍA

- Realizar unha medición do coñecemento e grao de valoración que os cidadáns e as cidadás do municipio de Vigo teñen das cooperativas, da súa filosofía e valores, dos seus trazos diferenciais ao respecto doutras empresas e das súas achegas á sociedade.
- Realizar unha identificación de elementos que poden sustentar prexuízos na sociedade viguesa ao respecto das cooperativas, da súa fórmula organizativa, da calidade dos bens e servizos que ofertan e proporcionan, etc.

4 FICHA TÉCNICA DA ENQUISA

Táboa 1: Ficha técnica da enquisa

UNIVERSO	Poboación residente no Concello de Vigo maior de 18 anos.
TAMAÑO DA MOSTRA	404 entrevistas
TIPO DE MOSTRAXE	Polietápica. Nun primeiro momento, selección proporcional dos números de teléfono en función dos códigos postais de referencia. Posteriormente, selección aleatoria das persoas a entrevistar segundo cotas de xénero e idade.
ÁMBITO	Concello de Vigo.
TIPO DE ENTREVISTA	Telefónica asistida por computador (sistema CATI).
ERRO DE MOSTRAXE	No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese de máxima indeterminación ($p=q=1/2$) e cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas), o erro máximo admitido é de +/- 4,97%.
TRABALLO DE CAMPO	Do 08 ao 12 de setembro de 2008.
DEPURACIÓN	A depuración dos cuestionarios electrónicos realizouse a través de procedementos informáticos.

5 DESCRICIÓN DAS VALORACIÓNS RECOLLIDAS

Valoración das prioridades que deben asumir as empresas.

- Tal e como se indicaba, o cuestionario solicitaba ás persoas enquisadas que pensaran no xeito en que priorizarían, no caso de ser empresarios ou empresarias, unha serie de tres criterios estratéxicos.
- Introdúciase, deste xeito, a reflexión relativa ás empresas cooperativas, xa que os tres criterios manexados aglutinan, en certa medida, algúns dos referentes centrais a través dos que o movemento cooperativo busca diferenciarse doutros modelos de empresa.
- Na mesma liña, os enquisados e as enquisadas debían expresar a súa opinión ao respecto da importancia que as empresas, en xeral, outorgan a estes principios.
- En concreto, os tres principios formulados eran:
 - x A xeración dun emprego de calidade.
 - x A busca do máximo beneficio económico.
 - x A incidencia no desenvolvemento económico e social da súa comarca.
- As táboas anexa recollen as valoracións manifestadas polas persoas enquisadas.

Táboa 2. Importancia que dan as empresas aos seguintes obxectivos.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

	Moita	Pouca	Ningunha	Ns/Nc	TOTAL
1.Xerar emprego de calidade.	18,6%	53,7%	21,8%	5,9%	100,0%
2.Buscar o máximo beneficio económico.	93,1%	4,7%	1,2%	1,0%	100,0%
3.Incidir no desenvolvemento económico e social da comarca.	20,5%	51,5%	19,8%	8,2%	100,0%

Táboa 3. Importancia que darían os/as enquisados e enquisadas aos seguintes obxectivos en caso de ser empresarios ou empresarias.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

	Moita	Pouca	Ningunha	Ns/Nc	TOTAL
1.Xerar emprego de calidade.	87,1%	6,2%	1,2%	5,4%	100,0%
2.Buscar o máximo beneficio económico.	85,6%	11,9%	0,0%	0,0%	100,0%
3.Incidir no desenvolvemento económico e social da comarca.	85,6%	8,9%	1,7%	3,7%	100,0%

- Conforme aos datos descritos, a opinión maioritaria na cidadanía viguesa consideraría que o obxectivo prioritario, e case exclusivo, do tecido empresarial é a busca do máximo beneficio económico.
- Na medida en que a maior parte das persoas enquisadas recoñecen que no caso de verse como empresarios darían unha relevancia similar a este obxectivo, non cabe pensar que este sexa un aspecto valorado negativamente.
- O que si é posible afirmar é que a xeración dun emprego de calidade e a incidencia no desenvolvemento económico e social da propia comarca son principios que, en xeral, se entende positivo asociar ao ámbito empresarial. Esta valoración é maioritaria na medida en que os entrevistados e as entrevistadas o situarían ao mesmo nivel que a busca do máximo beneficio económico en caso de ser empresarios ou empresarias.

Valoración da cooperación como marco de traballo.

- Tomando como marco de partida o detallado no epígrafe anterior, cómpre dar conta do xeito en que as persoas enquisadas valoraron a aplicabilidade das estratexias de cooperación, así como o seu desenvolvemento a través do modelo de empresa cooperativa.
- Continuando esta liña de reflexión, solicitábase que manifestasen a súa maior o menor preferencia por traballar nunha cooperativa ou noutros marcos laborais, así como a súa valoración do papel da Administración Pública en apoio a este tipo de empresas.
- As táboas anexa recollen as valoracións manifestadas polas persoas enquisadas.

Táboa 4. Grao de acordo coas seguintes afirmacións.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de Acordo	Ns/Nc	TOTAL
1. A competitividade entre as persoas é unha relación natural que ten efectos positivos para o conxunto.	24,8%	35,1%	20,0%	17,1%	3,0%	100,0%
2. Organizarse en común de xeito igualitario e solidario trae mellores resultados para todos e todas.	69,8%	22,3%	4,7%	2,0%	1,2%	100,0%
3. Só poden tirar proveito da cooperación aquelas persoas ás que non lles quedan outras alternativas.	16,1%	16,8%	24,0%	34,2%	8,9%	100,0%

Táboa 5. En cal das dúas fórmulas seguintes parece máis doado que se garantan os intereses dos traballadores e das traballadoras.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

1. No caso de ser eles e elas propietarios e propietarias da súa empresa.	70,5
2. No caso de ser eles e elas asalariados e asalariadas.	18,6
3. Ns/Nc	10,8
TOTAL	100

Táboa 6. Situándose como traballador ou traballadora, onde preferiría traballar?.

Valoracións segundo cal é a 1ª, 2ª, 3ª ou 4ª opción de elección. Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

	1ª opción	2ª opción	3ª opción	4ª opción	Ns/Nc	TOTAL
1. Na Administración Pública.	36,6%	24,3%	14,6%	11,4%	13,1%	100%
2. Como asalariado/a nunha empresa privada.	9,7%	16,6%	27,0%	33,7%	13,1%	100%
3. Como empresario/a, na súa propia empresa.	24,5%	29,2%	17,8%	15,3%	13,1%	100%
4. Nunha cooperativa, na que os traballadores/as son propietarios/as, e as relacións foran de igualdade.	16,1%	16,8%	27,5%	26,5%	13,1%	100%

Táboa 7. En que medida lle parece doado ou difícil realizar as seguintes accións dentro dunha cooperativa.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

	Moi doado	Doado	Algo difícil	Moi difícil	Ns/Nc	TOTAL
1. Tomar as decisións entre todos/as os/as socios e socias.	3,7%	12,6%	46,8%	34,7%	2,2%	100%
2. Que todos/as os/as socios e socias aporten capital.	11,1%	36,9%	34,7%	13,6%	3,7%	100%
3. Que os/as socios e socias aprendan a xestionar a empresa.	5,9%	23,3%	43,1%	24,8%	3,0%	100%
4. Conseguir a cohesión e buscar o ben común de socios e socias.	8,9%	28,7%	37,4%	21,8%	3,0%	100%

Táboa 8. Considera que a Administración Pública debe apoiar de xeito especial ás cooperativas.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

1. Si.	80,7%
2. Non.	13,4%
3. Ns/Nc	5,9%
TOTAL	100,0%

- Conforme aos datos recollidos nestas táboas, cabe afirmar, de entrada, que é maioritaria a valoración de que a estratexia cooperativa (“organizarse en común de xeito igualitario e solidario”) trae mellores resultados para as persoas (92,1% están moi ou bastante de acordo). Non obstante, son moitas os casos que manifestan que a competitividade é, de partida, unha relación natural que ten efectos positivos para o conxunto (59,9% están moi ou bastante de acordo).
- No que toca á viabilidade ou interese real da cooperación como estratexia, existe unha valoración ambivalente na medida en que un 32,9% está moi ou bastante de acordo coa idea de que “so poden tirar proveito da cooperativa as persoas ás que non lle quedan outras alternativas”.
- A variable “estudos realizados” (non tanto o sexo, a idade ou a situación laboral/profesional) mostra unha certa correlación con esta valoración, polo que cabe destacar que esta opinión está máis presente entre os e as que teñen estudos primarios (51,4% dos enquisados e enquisadas con este perfil) e ten un menor peso entre as persoas con licenciatura ou doutorado (16,6% e 0% dos casos con este perfil, respectivamente); o resto dos perfís considerados tende a moverse en torno a un 30% de persoas que mostran o seu acordo con esta argumentación.
- Esta liña de opinión é especialmente chamativa, na medida en que ate un 70,5% das persoas enquisadas considera que o feito de que os/as traballadores e traballadoras sexan propietarios e propietarias da súa empresa é unha fórmula que aporta máis garantías para os seus intereses.
- Os datos que aporta a táboa nº 7 aportan un contraste que parece confirmar que,

para un segmento significativo das persoas entrevistadas, a aplicación de estratexias cooperativas ao ámbito da empresa afronta unha complexidade específica.

- Así, un 81,5% considera algo ou moi difícil “tomar as decisións entre todos os/as socios e socias” dunha cooperativa. A mesma valoración merece, para un 67,9%, a posibilidade de que “todos e todas (os/as socios e socias) aprendan a xestionar unha empresa”, ou, para un 59,2%, de conseguir “cohesión e perseguir o ben común”. As valoracións máis favorables aproxímanse ás críticas no que toca á posibilidade de que “todos/as os socios e as sociais teñan que aportan capital” (un 48% o ve doado ou moi doado fronte a un 48,3% que o ve algo ou moi difícil).
- Entre as variables consideradas no estudo para contraste destas valoracións (idade, sexo, nivel de estudos, situación laboral e profesional), é a primeira a que presenta unha certa correlación con esta pregunta.
 - x Así, é no grupo dos máis novos (entre 18 e 25 anos) no que a porcentaxe de persoas que considera doado a toma de decisións é menor (8,7%), fronte aos restantes grupos nos que vai incrementándose esta (11,8% entre os que teñen entre 26 e 35 anos, 25,9% entre os que teñen entre 51 e 64 anos, e 15,9% entre os que teñen máis de 65 anos).
 - x Do mesmo xeito, entre os máis novos é menor a presenza de enquisados e enquisadas que pensen que é doado que "todos e todas aporten capital" (21,7% do total, fronte aos restantes grupos, que se moven entre o 47 e o 55%).
- Existe, por tanto, unha valoración xeral positiva cara ás empresas cooperativas e os valores que aportan no mercado laboral, aínda que se constata a presenza significativa dunha percepción das mesmas como un marco de especial complexidade no tocante ás
 - relacións societarias.
 - Non é estraño, por tanto, que ate un 80,7% considere que a Administración Pública debe apoiar dun xeito especial ás cooperativas.
 - Do mesmo xeito, cómpre destacar que se ben traballar na Administración Pública

sería a primeira opción elixida para unha proporción maioritaria dos entrevistados e das entrevistadas (36,6%), seguida de desenvolverse como empresario ou empresaria

- (24,5%), un 16,1% elixiría primeiramente a opción dunha cooperativa. Ao falar da segunda opción, ser empresario ou empresaria superaría ao ámbito Público, manténdose a opción cooperativa nunha porcentaxe moi similar aínda que, neste caso, a opción do traballo asalariado aproximaríase ás mesmas porcentaxes de preferencia.
- Non se constata que exista unha asociación entre estas preferencias e a idade, sexo, estudos, situación laboral/profesional das persoas enquisadas.

Aproximación á posición dos produtos e servizos elaborados desde cooperativas no mercado.

- Unha vez consideradas as valoracións plasmadas ao respecto das estratexias cooperación e a súa aplicación nas empresas cooperativas, ten interese realizar un achegamento básico ao xeito en que a súa imaxe pode situalas no mercado.
- É neste sentido que se solicitaba que as persoas enquisadas manifestasen en que medida determinados valores asociados a produtos e servizos, entre os que se incluía unha imaxe de marca cooperativa, inflúen, ou poden influír, na súa opción de adquirilos.
- As táboas anexas recollen as valoracións manifestadas.

Táboa 9. En que medida, cando compra un produto ou adquire un servizo, valora as seguintes cuestións?

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

	Moito	Bastante	Pouco	Nada	Ns/Nc	TOTAL
1. Que respecte o medio ambiente.	48,5%	33,2%	13,6%	4,7%	0,0%	100%
2. Que sexa dunha marca recoñecida.	19,3%	25,5%	25,0%	29,7%	0,5%	100%
3. Que sexa dunha cooperativa.	14,6%	28,0%	23,3%	28,7%	5,4%	100%
4. Que sexa de comercio xusto.	27,5%	29,5%	14,6%	13,9%	14,6%	100%

Táboa 10. Estaría disposto a pagar un pouco máis por un produto ou servizo que tivese as seguintes características?

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

	Si	Non	Ns/Nc	TOTAL
1. Que respecte o medio ambiente.	88,6%	9,9%	1,5%	100%
2. Que sexa dunha marca recoñecida.	39,6%	56,7%	3,7%	100%
3. Que sexa dunha cooperativa.	55,0%	37,1%	7,9%	100%
4. Que sexa de comercio xusto.	67,3%	20,0%	12,6%	100%

- É neste sentido que cabe destacar que a marca cooperativa constitúe o último dos criterios considerados na enquisa que as persoas entrevistadas manifestaban aplicar á hora de mercar un produto ou un servizo. En todo caso, cómpre salientar que máis dun 40% das persoas recoñece considerar este aspecto o que o sitúa practicamente ao nivel do feito de ser “dunha marca coñecida”.
- Merece a pena resaltar, tamén, a importancia que ten a cuestión medioambiental e, en menor medida, o comercio xusto en tanto que valores apreciados; na medida en que son atributos claramente presentes no discurso do movemento cooperativo, tanto no Estado como a nivel internacional.
- Na medida en que son variables que mostran unha certa correlación con esta

pregunta, cabe destacar dúas cuestións.

- x Dunha banda, a medida que aumenta a idade das persoas enquisadas, incrementase a porcentaxe das que toman, moito ou bastante, en consideración o feito de un produto ou servizo sexa feito por unha cooperativa á hora de mercalo (así, mentres que manifesta facelo un 8,6% das que teñen entre 28 e 25 anos, o peso desta opción incrementase gradualmente ate acadar o 55% das que teñen 65 e máis anos).
- x Doutra, peso das persoas que recoñecen seguir este criterio moito ou bastante é máis alto entre as persoas sen estudos, con estudos primarios ou con bacharelato elemental (entre o 50 e o 60% dos mesmos), así como nos que teñen licenciatura e doutorado (40,6% e 50% das mesmas, respectivamente) que nos restantes perfís considerados (que se moven entre o 20% e o 35%).
- x Por último, salienta que este criterio é menos aplicado polas persoas que se recoñecen como "parado/a que busca 1º emprego" ou "estudantes" (25% e 7,4% respectivamente, movéndose os restantes perfís considerados entre o 40% e o 55%).
- Cabe considerar que a procedencia cooperativa podería ter unha valoración potencialmente crecente no mercado, a partir dos datos que aporta a táboa nº 10. Así, sendo maioría as persoas que estarían dispostas a pagar máis por un produto ou servizo que "respecte o medio ambiente" ou, en menor medida, que "sexa e comercio xusto" (incrementándose, incluso, as porcentaxes de resposta favorable), é visible un incremento da proporción de persoas que responden afirmativamente no caso de que "sexa dunha cooperativa".
- Destacar, novamente, que as variables idade e situación laboral mostran unha certa correlación con esta pregunta. Así, a disposición a "pagar máis" por un produto "que sexa dunha cooperativa" ascende gradualmente coa idade (se un 30,4% das persoas menores de 25 anos responde afirmativamente, chega a un 66,7% das que teñen 65 e máis); sendo o grupo dos e das estudantes o que mostra un menor peso das persoas que responden afirmativamente (37%, movéndose os restantes perfís entre o 50% e o 70%).

Proximidade ao ámbito das cooperativas.

- Como complemento ao marco valorativo descrito nas páxinas anteriores, as dúas táboas anexas pretenden dar conta do nivel de proximidade ao ámbito cooperativo no marco social analizado; o vigués.
- Así, constatar que a porcentaxe de persoas que teñen un contacto directo con cooperativas (por ser socios ou socias) é claramente reducido.
- Pero que, non obstante, unha proporción moi destacable da mostra de enquisados e enquisadas manifesta ter algún ou algunha familiar que é membro dunha empresa deste tipo.

Táboa 11. Persoas socias dalgunha cooperativa.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

1. Si.	16	4%
2. Non.	388	96%
TOTAL	404	100%

Táboa 12. Persoas que teñen algún ou algunha familiar que sexan socios ou socias ou traballen nalgunha cooperativa.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

1. Si.	136	33,7%
2. Non.	266	68,5%
3 Ns/Nc	2	0,5%
TOTAL	404	100,0%

6 DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS.

- A continuación detállanse unha serie de datos relativos ao perfil sociodemográfico das persoas enquisadas.

Táboa 13. Sexo.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

1. Home.	46,3%
2. Muller.	54%
TOTAL.	100%

Táboa 14. Idade.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

1. Entre os 18 e os 25 anos.	11,5%
2. Entre os 26 e os 35 anos.	16,8%
3. Entre os 36 e os 50 anos.	32,2%
4. Entre os 51 e os 64 anos.	22,3%
5. 65 e máis anos.	17,2%
TOTAL.	100,0%

Táboa 15. Nivel de Estudos.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

Sen estudos, non sabe ler nin escribir	0,5%
Sen estudos, sabe ler e escribir	2,5%
Estudios primarios	18,3%
Bacharelato elemental, EXB, e equivalentes (Graduado escolar)	20,0%
Bacharelato superior, BUP e equivalentes	17,1%
FP 1 (grao medio)	5,4%
FP 2 (grao superior)	7,7%
Diplomatura, Arquitectura ou Enxeñaría Técnica	10,1%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría	17,8%
Doutorado	0,5%
TOTAL	100,0%

Táboa 16. Situación Laboral.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

Ocupado	48,3%
Parado que busca primeiro emprego	2,0%
Parado que traballou antes	9,7%
Xubilado	15,2%
Pensionista	4,2%
Incapacitado para o traballo	0,6%
Estudante	6,7%
Realiza labores do fogar	8,4%
Outra situación	5,0%
TOTAL	100%

Táboa 17. Situación Profesional.

Porcentaxe de respostas sobre o total de 404 enquisas realizadas.

Empresario, profesional ou autónomo que emprega persoal	7,6%
Empresario, profesional ou autónomo que non emprega persoal	4,6%
Traballa pola súa conta sen licencia fiscal ou seguridade social	1,5%
Cooperativista ou similar	0,5%
Axuda no negocio familiar	0,5%
Asalariado con contrato indefinido	56,9%
Asalariado con contrato temporal ou homólogos	18,8%
Traballa sen contrato para outra persoa ou empresa	0,5%
Outra situación	9,1%
TOTAL	100,0%

7 SÍNTESE DE CONCLUSIÓNS.

- A enquisa permite afirmar que aínda que o peso estatístico das persoas que traballan en cooperativas é moi pouco significativo, existe un apreciable grao de proximidade, máis ou menos indirecta, a este modelo de empresa no municipio de Vigo.
- Ao respecto da imaxe que se ten das mesmas, cabe considerar que a cidadanía viguesa presenta unha valoración en xeral positiva da filosofía e aportacións do ámbito cooperativo, á que se asocian, non obstante, unha serie de prexuízos estendidos ao respecto da súa viabilidade operativa.
- Afondando na primeira perspectiva, é posible destacar o grao de respaldo que teñen algúns dos principios asociados ao movemento cooperativo: en concreto, a xeración de emprego de calidade e a promoción do desenvolvemento local.
- O mesmo cabe afirmar ao respecto dalgúns valores que constitúen unha referencia central do discurso deste movemento tanto no Estado como no plano internacional; a cuestión medioambiental e a solidariedade.
- As opinións recollidas parecen mesmo formular a hipótese de que, na medida en que a asociación entre o cooperativismo e estes valores se acentúe, estas empresas poderían explorar a "marca cooperativa" como estratexia para introducir os seus produtos e servizos no mercado.
- Nesta liña, cómpre dar conta de que existe un amplo consenso ao respecto da necesidade de que as empresas cooperativas sexan apoiadas desde a Administración.
- Non obstante, e como se comentaba anteriormente, a enquisa constata o peso significativo que teñen na súa imaxe pública unha serie de prexuízos que poden actuar como un freo para potenciais emprendedores e emprendedoras.
- Así, moitas persoas parecen entender que as cooperativas afrontan unha especial complexidade no seu funcionamento, concretado, por exemplo, nunha dificultade para tomar decisións, conseguir cohesión, etc.
- Na medida en que estas valoracións non se axustan é dinámica máis normalizada

das cooperativas, cómpre enfatizar a necesidade de entender a súa superación e revisión desde o ámbito das entidades, Públicas e privadas, que promoven a potencialidade deste tipo de empresas.

8 CUESTIONARIO

1. Xénero

Home	
Muller	

2. Poderíame indicar cantos anos ten vostede na actualidade?

3. Que grao de importancia cree que lle dan as empresas aos seguintes obxectivos á hora de realizar a súa actividade?

	Moita	Pouca	Ningunha	Ns/Nc	TOTAL
1.Xerar emprego de calidade.					
2.Buscar o máximo beneficio económico.					
3.Incidir no desenvolvemento económico e social da comarca.					

4. E se vostede fose empresario/a, que importancia considera que deben ter os seguintes obxectivos para a súa empresa?

	Moita	Pouca	Ningunha	Ns/Nc	TOTAL
1.Xerar emprego de calidade.					
2.Buscar o máximo beneficio económico.					
3.Incidir no desenvolvemento económico e social da comarca.					

5. Poderíame sinalar o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións?

	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de Acordo	Ns/Nc	TOTAL
1. A competitividade entre as persoas é unha relación natural que ten efectos positivos para o conxunto.						
2. Organizarse en común de xeito igualitario e solidario trae mellores resultados para todos e todas.						
3. Só poden tirar proveito da cooperación aquelas persoas ás que non lles quedan outras alternativas.						

6. Se vostede se sitúa como traballador/a, onde preferiría traballar? (Marcar a orde de preferencia do primeiro ao cuarto)

Na Administración Pública	
Como asalariado/a nunha empresa privada	
Como empresario na súa propia empresa	
Nunha empresa cooperativa, onde todos os traballadores/as foran tamén propietarios e as relacións foran de igualdade	
NS/NC	

7. En cal das dúas fórmulas seguintes lle parece máis doado que se garantan os intereses dos/as traballadores/as?

Que eles/as mesmos/as sexan propietarios/as da súa empresa	
Que sexan asalariados/as	
NS / NC	

8. En que medida lles parece doado ou difícil realizar as seguintes accións dentro dunha cooperativa?

	Moi doado	Doado	Algunha dificultade	Moita dificultade	NS/NC
Tomar as decisións entre todos os socios e socias					
Que todos/as teñen que aportar capital					
Que todos deben aprender a xestionar unha empresa					
Conseguir a cohesión e perseguir o ben común					

9. É vostede socio/a dalgunha cooperativa?

SI	
NON	
Ns/Nc	

9.a. En caso de resposta afirmativa, en que tipo ou tipos de cooperativas?

Vivenda	
Consumo	
Traballo	
Agraria	
Outras (Especificar)	
Ns/Nc	

10. Ten vostede algún familiar ou amistades que sexan socios/as ou traballen nunha cooperativa?

SI	
NON	
Ns/Nc	

11. Cando compra un produto ou adquire un servizo, en que medida valora as seguintes cuestións?

	Moito	Bastante	Pouco	Nada	Ns/Nc
Que respecte o medio ambiente					
Que sexa dunha marca coñecida					
Que sexa dunha cooperativa					
Que sexa de comercio xusto					

12. Estaría disposto a pagar un pouco máis por un produto ou servizo se tivese as seguintes características?

	Si	Non	Ns/Nc
Que respecte o medio ambiente			
Que sexa dunha marca coñecida			
Que sexa dunha cooperativa			
Que sexa de comercio xusto			

13. Considera que a Administración Pública debe apoiar de modo especial ás cooperativas?

SI	
NON	
Ns/Nc	

14. Poderíame indicar o seu nivel de estudos?

Sen estudos, non sabe ler nin escribir	
Sen estudos, sabe ler e escribir	
Estudios primarios	
Bacharelato elemental, EXB, e equivalentes (Graduado escolar)	
Bacharelato superior, BUP e equivalentes	
FP 1 (grao medio)	
FP 2 (grao superior)	
Diplomatura, Arquitectura ou Enxeñaría Técnica	
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría.	
Doutorado	
NS/NC	

15. En que situación se atopa vostede na actualidade?

Ocupado	
Parado que busca primeiro emprego	
Parado que traballou antes	
Xubilado	
Pensionista	
Incapacitado para o traballo	
Estudante	
Realiza labores do fogar	
Outra situación (Especificar)	

16. (So nos que sinalen que están ocupados) Finalmente, podería sinalarme cal é a súa situación profesional?

Empresario, profesional ou autónomo que emprega persoal	
Empresario, profesional ou autónomo que non emprega persoal	
Traballa pola súa conta sen licencia fiscal ou seguridade social	
Cooperativista ou similar	
Axuda no negocio familiar	
Asalariado con contrato indefinido	
Asalariado con contrato temporal ou homólogos	
Traballa sen contrato para outra persoa ou empresa	
Outra situación (Especificar)	